

Resolución reitoral pola que se publica a listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida nas Bolsas “Alén do Miño” para a realización de prácticas académicas externas no marco do programa EURES Transfronteirizo Galicia – Norte de Portugal, curso 2025/2026

De conformidade co establecido no punto 8 do anexo I da Resolución reitoral do 22 de maio de 2026 no que se regulan as bases da convocatoria Bolsas “Alén do Miño” para a realización de prácticas académicas externas no marco do programa EURES Transfronteirizo Galicia – Norte de Portugal, unha vez rematado o proceso de selección segundo os criterios establecidos na convocatoria,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Aceptar o desistimento de María Silvia Carrazana Blanco
2. Publicar a **listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida** (anexo I).

As persoas con bolsa concedida deberán aceptar a bolsa no prazo de cinco días dende o seguinte ao da publicación de adxudicación, utilizando o formulario existente na secretaría virtual para tal efecto ([formulario aceptación](#)).

A non aceptación entenderase como renuncia á bolsa previa resolución coa conseguinte perda de dereito de cobro e concesión da bolsa á seguinte persoa da lista de agarda previa resolución.

A persoa bolseira presentarse na entidade colaboradora no lugar, día e hora que lle indique a Área de Emprego e Emprendemento mediante comunicación ao enderezo electrónico indicado na solicitude.

De acordo co establecido na base 10 da convocatoria, son obrigas das persoas bolseiras:

- a) Realizar, baixo a supervisión da persoa titora, a actividade formativa e o plan formativo conforme ao establecido na convocatoria.
- b) Estar matriculada na Universidade de Vigo durante todo o período de duración da bolsa.
- c) Contemplar, no desenvolvemento da práctica, ás obrigas recollidas en relación aos estudantes en prácticas no Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, así como as que se establecen neste mesmo sentido no Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de Vigo.
- d) Incorporarse a entidade na data acordada, cumprindo o horario previsto no proxecto educativo e respectando as normas de funcionamento, seguridade e prevención de riscos laborais da mesma.

Ademais a persoa beneficiaria deberá cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións, que lle sexan de aplicación.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa*.





As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data da sinatura electrónica

A reitora

Por delegación RR 02/07/2026 (DOG 08/07/2026)

A vicerreitora de Estudiantes e Vida Universitaria

María Dolores González Álvarez





ANEXO I

LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS CON BOLSA CONCEDIDA

1º Apellido	2º Apellido	Nome	Contía máxima
García	Antelo	Helena	1.225,81 €
Gómez	González	Carla	2.850,00 €
Moledo	Paredes	Miguel	2.850,00 €
Mosquera	Guerrero	Andrea	950,00 €
Pérez	Álvarez	Iria	950,00 €
Sanz	Toucedo	Daniela	1.379,03 €
Trincado	Alonso	Pedro	1.685,48 €

Contía total adxudicada: 11.890,32€

